

BEA

À PROCURA DA LUZ

Texto **Lara Dopazo Ruibal**

Ilustracións **Marta Conde e Rotmlnas**





TEXTO Lara Dopazo Ruibal

ILUSTRACIÓNS RotmInas e Conxenia/Marta Conde

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA Adrián Estévez Iglesias

DESEÑO E MAQUETACIÓN conxenia.gal

EDICIÓN

Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social
agareso.org

Coordinadora Galega de ONGD
galiciasolidaria.org

Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos
im-defensoras.org

COORDINACIÓN Helena Capera Cullell

PRIMEIRA EDICIÓN Outubro 2021

IMPRIME Deputación de Pontevedra

DEPÓSITO LEGAL PO 333-2021

DEREITOS *Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas*



Bea á procura da luz contou co apoio financeiro da Deputación de Pontevedra

Este libro foi impreso en papel reciclado e ambientalmente sostible

BEA

Á PROCURA DA LUZ

Defensoras semillas de cambio:

LAS HISTORIAS DE ESTAS MESOAMERICANAS PODEROSAS

La campaña *Defensoras Semillas de Cambio* nació desde la Iniciativa Mesoamericana de Defensoras para que pudiésemos mirar a los ojos -al menos a través de imágenes y textos- a esas mujeres poderosas que defienden nuestros derechos en Mesoamérica.

Las defensoras que siembran cambios en nuestra región son miles: Acá les presentamos, gracias al trabajo creativo y el esfuerzo de nuestras compañeras de la Coordinadora Galega de ONGD y la Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social, las historias de algunas de ellas, con voces, vidas y acciones que han roto esquemas en la región Mesoamericana.

¿Qué significa ser defensora mesoamericana que siembra cambio? Las defensoras sostienen la vida en una de las regiones más peligrosas del mundo para ser mujer y defender derechos. Este extracto del manifiesto de nuestra campaña, lo explica mejor:

Las mujeres están en la vanguardia de las luchas por la igualdad, la justicia y los derechos humanos individuales y colectivos en Mesoamérica. Mujeres indígenas, mestizas, negras, garífunas, mujeres del campo y de la ciudad, del mar y de la montaña, mujeres madres, migrantes, lesbianas, transexuales, mujeres jóvenes, ancianas, mujeres árbol, mujeres pájaro, mujeres maíz, mujeres coral

Mujeres que desde sus diferentes orígenes, expectativas y experiencias de vida, con su trabajo, su lucha diaria, su dignidad y resistencia, pese a los múltiples obstáculos y dificultades, contribuyen a la construcción de un mundo más justo y habitable para todas las personas.

Todas ellas son defensoras de derechos humanos: estudiantes, periodistas, campesinas, académicas, sindicalistas, maestras, tejedoras, amas de casa, parteras, artistas, empleadas, desempleadas, artesanas, raperas, vendedoras, sanadoras

Agradecemos de nuevo el esfuerzo colectivo y el deseo de llevar los rostros y las historias de las defensoras mesoamericanas a otras fronteras.



PRESENTACIÓN

Tecer, tecer e volver tecer, aínda que sucesivos furacáns destrúan as nosas redes de protección. Disto van estas historias. Elas simbolizan todas as tecedoras de cambios que ao redor do mundo loitan para que a rabia que as indigna sexa o seu motor para a transformación.

Hai mulleres cunha enerxía extraordinaria que emana da súa empatía, da súa capacidade de soñar, que a pesar de que as súas vidas adoitan ser unha carreira de obstáculos conseguen seguir avanzando para construír nos seus barrios, nas súas vilas, nas súas comunidades proxectos, movementos, asociacións, loitas polas que merece a pena seguir resistindo.

A palabra resistir está chea de peso, verbalizala parece xa en si mesmo un esforzo. Ás veces todas quixeríamos deixar de pelexar. Mais o fío, imperceptible pero firme que mantén a tensión necesaria para non esmorecer, é a colectividade. Non resistes por ti, resistes por todas. Porque antes de que as palabras resiliencia ou sororidade tivesen unha definición sobre o papel, xa existían na práctica. Porque ás veces, defender é unha obriga por máis riscos que se corran no camiño.

Este é o caso de Bea, que fixo da defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, da loita pola xustiza social, da defensa da cultura de paz unha forma de resistencia. Por iso ela é a protagonista desta historia.

Os relatos da colección teñen o obxectivo de contribuír a defender a quen defende e que cada vez máis xente coñeza as súas loitas. Así que desde a Coordinadora Galega de ONGD, da que Asociación Galega de Comunicación polo Cambio Social (Agareso) somos parte, tecemos a nosa rede para xuntala coa rede da Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos e seguir así construíndo un mundo máis xusto e máis resistente aos furacáns.



Ao rematar a guerra civil no Salvador, Bea comezou a colaborar nunhas investigacións relacionadas con crimes machistas. Xunto con outras compañeiras, achegáronse ao lugar no que as vítimas viviran, e adicáronse a procurar información, a entrevistar persoas que coñeceran as vítimas e a reconstruír a súa historia.

Un daqueles casos era o dunha nena chamada Mariíta. Mariíta vivía no **departamento** de Morazán, no oriente do país. Cando tiña doce anos un tío fíxose cargo dela e comezou a violala e agredila na casa, sen que ninguén fixera nada para impedilo.

Para Bea, ir ao lugar onde vivira esta nena e coñecer a súa historia foi un proceso doloroso. Achegarse aos seus soños, ás súas aspiracións, coñecer ás persoas que a rodearan e escoitar e documentar toda a violencia que sufriu causoulle unha pena fonda, unha grandísima rabia. Aínda hoxe, ao se lembrar do acontecido con Mariíta, dóelle. Moitas veces máis faría un traballo semellante, pero aquela historia en particular marcou un antes e un despois na súa vida, porque entendeu que o que quería facer era acompañar mulleres que viven situacións de violencia.

** Consulta o significado das palabras destacadas no glosario das últimas páxinas.*

O SALVADOR

O Salvador é un país centroamericano que fai fronteira con Guatemala, Honduras e Nicaragua. Ten costa cara ao océano Pacífico e é o país máis pequeno de Centroamérica, de acordo coa súa superficie.

Pese ao seu pequeno tamaño, é o país con máis densidade de poboación da rexión: nel viven máis de seis millóns e medio de persoas, maioritariamente novas. Mais tamén ten moita poboación no exterior, arredor dun millón e medio de persoas en total. Calcúlase que cada ano 145.000 persoas marchan do país. O seu principal destino son os Estados Unidos, aínda que tamén hai un número significativo de migrantes do Salvador en Europa. As causas principais que obrigan a marchar do país son as económicas, a violencia e inseguridade e mais a **reunificación familiar**.

As **remesas** que envían as persoas migrantes ás súas familias son fundamentais na economía do país e para paliar a pobreza de moitos fogares, especialmente no rural e os encabezados por mulleres. No ano 2018, o 21,3 % dos fogares recibiron remesas do exterior, e esas remesas supuxeron o 20,3 % do produto interior bruto.

En 2019, un 30,4 % da poboación salvadoreña estaba en situación de pobreza, e esta pobreza é maioritaria nas áreas rurais. Pese a que o número de persoas que viven en pobreza foi descendendo desde hai anos, aínda hai un 5,6 % da poboación en **pobreza extrema** e tamén están maioritariamente nas áreas rurais. A pobreza afecta en maior medida ás mulleres que aos homes.

O Salvador é un dos países máis violentos e inseguros do mundo e isto condiciona a vida de toda a súa poboación; violencia que na maior parte dos casos queda impune. Lograr unha paz sostible é un dos maiores retos aos que se enfronta o país e determinará o seu desenvolvemento. A violencia ten múltiples orixes: desde o crime organizado e o tráfico ilegal, pasando polas **maras** ou pandillas, mais tamén a violencia interpersoal, a intrafamiliar e a violencia de xénero.

Tal como indica a Comisión Interamericana de Derechos Humanos, entre 2014 e 2019 rexistráronse máis de 11.900 persoas desaparecidas, máis que durante a guerra civil; moitas destas desaparicións foron perpetradas polas maras e mesmo pola policía. As maras controlan vecindarios enteiros e exercen todo tipo de violencia sobre as persoas que viven neles, incluíndo violacións, desprazamentos, desaparicións e mortes.

As mulleres son vítimas dunha dobre violencia: a estrutural e a de xénero. No primeiro semestre de 2020, calcúlase que 50 mulleres foron vítimas de violencia de xénero cada día. A violencia que as afecta é polo xeral menos visible e acontece en moitos casos nos entornos que deberan ser de seguridade para elas, na casa, adentro das relacións de parella ou no seo da familia.



PERO... QUEN É

Aínda que o nome que lle deron ao nacer foi Verónica, Bea é o pseudónimo que adoptou no tempo en que formaba parte da guerrilla, e o nome que adoita utilizar desde entón.

Bea naceu nunha zona moi pobre da área rural de San Salvador, a capital do país. Tras un terremoto, a súa nai decide que toda a familia se traslade á cidade. A vida na cidade non tiña nada que ver coa do lugar do que proviñan. Naquela área rural o conflito armado non se sentía tanto, non tanto como na capital, desde logo.

Cando chegou á cidade comezaron os grandes cambios na súa vida. Empezou a ser máis consciente das inxustizas, do acoso sexual que vivían as súas compañeiras de escola e ela mesma; tamén comezou a coñecer xente distinta a ela, persoas con quen se facía preguntas sobre o que a rodeaba. Fixo amizades que formaban parte dos comandos urbanos da guerrilla e á altura dos seus 17 anos decidiu que ela tamén quería ser parte da guerrilla, unirse á loita social motivada polas situacións de inxustiza que observaba ao seu redor.

A súa familia non estaba ao tanto, claro. Bea sabía que non podía dicirllo, porque non ían estar de acordo: participar na guerrilla era un risco para ela e un risco para cantos a rodeaban. Bea tivo claro desde o primeiro momento que era preciso coidar

de si mesma e coidar da súa familia e, polo tanto, que ninguén soubese. A diferenza da guerrilla rural, nas cidades as accións da guerrilla eran máis complexas, e ser muller e nova engadía máis risco e dificultade ás súas accións.

A súa familia comezou a desconfiar. De súpeto pasaba moito tempo fóra da casa, e participaba nas conversas sobre política de maneira sorprendente, xa que antes nunca manifestara opinións ou reflexións tan elaboradas. Comezaron a exercer presión sobre ela, malia que non tiñan certeza de que fose parte dos comandos urbanos. Pregábanlle que tivese coidado e que non se metese en nada que poidese resultar un perigo para ela e para todas cantas persoas a rodeaban.

Aqueles anos foron axitados, e soste unha dobre vida non era sinxelo. Despois de moito reflexionar, Bea soubo que tiñan razón ao advertirlle dos perigos e decidiu que marchaba da súa casa para unirse á guerrilla do **cerro**. Escribiu unha nota pequena na que lles dicía que había estar ben e que respectasen a súa decisión. Coa dor e a vertixe de marchar, emprendeu camiño cara a Suchitoto; tiña daquela 20 anos e comezaron entón outras historias, que nada tiñan que ver coa súa vida na cidade.



A GUERRA CIVIL NO SALVADOR (1980-1992)

En 1990 o Goberno do Salvador e o Frente Farabundo Martí para la Liberación Nacional asinaron os acordos de paz en México. Poñían así fin a un conflito armado que comezara en 1980 e que deixaba tras de si 75.000 persoas mortas e máis de 10.000 persoas desaparecidas.

Desde a súa independencia da colonia e durante todo o século XX, O Salvador foi un país enormemente desigual. A riqueza e as terras estaban concentradas en moi poucas mans, a maior parte da poboación vivía en situación de pobreza. A crispación social provocada por esta fenda, e especialmente pola concentración na propiedade da terra por parte dunha minoría rica, xusto coa tensión internacional entre as dúas grandes potencias, os Estados Unidos e a URSS, foron sentando as bases para o xurdimiento de grupos revolucionarios e posteriormente o conflito armado.

Aínda que o conflito do Salvador se desenvolveu no marco da Guerra Fría, o certo é que só un dos bandos foi apoiado por unha potencia externa: os Estados Unidos apoiaron o Goberno do Salvador, e polo tanto as súas Forzas Armadas.

A Comisión da Verdade da **ONU** publicou un informe un ano despois de rematado o conflito no que se cifraban en máis de 75.000 as persoas que foran torturadas, violadas, executadas extraxudicialmente ou desaparecidas forzosamente entre os anos 1980 e 1992.

O exército do Salvador foi o responsable dun gran número de masacres en comunidades que foran acusadas de apoiar a guerrilla. Tamén no outro bando se cometeron crimes e abusos de dereitos humanos. Uns días despois

ALTO A LA REPRÉSIÓN



de que esa Comisión da Verdade publicase o seu informe, o Goberno salvadoreño aprobou unha Lei de **Amnistía**, que ademais de ir en contra do dereito internacional, supuxo un duro golpe para os milleiros de vítimas que padeceran a violencia do conflito, e cuxos dereitos humanos foran sistematicamente violados.

As vítimas non foron resarcidas desde entón, e o Estado salvadoreño ten unha débeda con elas, así como coa inserción social das persoas que participaron activamente no conflito. Os responsables de perpetrar masacres e de cometer asasinatos, torturas e violencia sexual nunca foron acusados nin enxuízados e, nalgúns casos, mesmo continúan a ocupar cargos de responsabilidade no país.

No ano 1992 asináronse os acordos de paz, que puñan fin a máis dunha década de conflito armado. O país enteiro respirou aliviado pero de alí en diante tocáballes enfrontar moitos desafíos. Miles de persoas, homes e mulleres, deixaran a súa vida no conflito armado, unha xeración enteira devastada pola violencia. Para moitas das integrantes da guerrilla e das forzas armadas foi complexo volver á vida civil dos tempos de paz. Era preciso facer un proceso de reparación que aínda hoxe non se deu.


A época da guerra déralle a Bea unha perspectiva grande de todos os problemas sociais que afrontaba o seu país, atravesado de inxustizas e de pobreza. Sentía ao seu redor e en si mesma a violencia que afectaba ás mulleres, o acoso, a violencia sexual, e tamén a falta de coñecemento sobre saúde sexual, sobre os seus propios corpos.

Durante algún tempo preguntouse se ela era a única que se cuestionaba por que sempre eran as mulleres as que padecían toda esa violencia. Aí xa estaba a abrollar a defensora de dereitos humanos e feminista que hoxe é, aínda que daquela non era aínda quen de poñerlle nome.



Para pescudar e reflexionar

- Sabes o que son os procesos de reparación? Por que cres que é importante resarcir e atender as vítimas despois de conflitos armados, guerras ou situacións de violencia sistemática e extrema?
- Procura algún exemplo histórico no que si se dese un proceso de reparación para as vítimas e en que consistiu.



Pasara xa máis dunha década desde o final da guerra cando Bea comezou a traballar en procesos de recollida de información en casos de asasinatos machistas. Aí coñeceu a historia de Mariíta, que supuxo un punto de inflexión na súa vida e que a levou a adicarse ao acompañamento de mulleres vítimas de violencia ata hoxe.

Bea é hoxe parte de dúas organizacións. Unha local, a Concertación de Mujeres de Suchitoto; outra nacional, La Colectiva Feminista; ambas son parte da Iniciativa Mesoamericana de Defensoras de Derechos Humanos. Cando estas dúas organizacións botaron a andar, no Salvador estaba todo por facer. Comezaron a documentar casos de violencia contra mulleres, a acompañar as vítimas e a decatarse de como funcionaban as diferentes institucións cando unha muller tiña que denunciar un caso de violencia.

Bea e mais as súas compañeiras axiña se decataron das cousas que non funcionaban cada vez que acudían a un hospital, a unha comisaría ou a un xulgado. Moitas veces non comprendían por que unha muller acudía a denunciar unha e outra vez, mais non marchaba da casa que compartía co seu agresor. Non eran quen de observar a complexidade e a diversidade nas situacións de violencia, e como podía afectar que a muller tivese ou non fillos e fillas, a dependencia económica ou outros factores que fan difícil saír dunha situación de violencia.

Había moito que mellorar, había que proporcionar formación, protocolos e ferramentas ao persoal sanitario, xudicial, á propia policía, para queoubesen que facer diante dos diversos casos de mulleres que tiñan que atender nas diferentes institucións.



Para nós, ser feministas e ser defensoras supón dúas cousas: unha, seguir insistindo fronte ao Estado para que cumpra coas súas responsabilidades; outra, preguntarnos que hai que facer para que a poboación se indigne e esixa xustiza diante das situacións extremas que estamos a vivir. Non se trata de endurecer as leis, senón de sensibilizar e previr desde todos os ámbitos da sociedade.

A formación do persoal non era o único reto que tiña por diante a sociedade salvadoreña. Axiña as organizacións feministas que traballaban no eido da violencia se decataron de que había un gran problema co rexistro estatístico. Que significaba isto? Que os datos que as organizacións feministas tiñan non coincidían cos que tiña a policía. De feito, había entre elas un abismo. Custoulles moito comezar a traballar, facer comprender a necesidade de todos aqueles cambios e melloras. Porque se unha realidade non se estudaba, contabilizaba e visibilizaba, na práctica era como se non existise.

A Lei Especial Integral para unha Vida Libre de Violencia para as Mulleres foi unha proposta feminista respaldada polas organizacións feministas. Os poderes públicos non entendían a necesidade dela, nin sequera confiaban en que tivese impacto na poboación. E de novo as organizacións feministas houberon de facer un traballo de sensibilización, de convencemento de que todas aquelas ferramentas eran imprescindibles para traballar na detección e eliminación de todas as violencias contra as mulleres.

Foron uns anos, desde 2008 ata hoxe, moi intensos, de moito traballo para as organizacións feministas salvadoreñas. Ás veces, vendo clarísimos avances. Ás veces, estancándose. Noutros momentos, sentindo frustración ao ver como non deixan de medrar os **feminicidios**, as desaparicións, as agresións sexuais, os embarazos en nenas e adolescentes produto da violencia sexual.



Vivir no Salvador sendo nena, adolescente ou muller é moi duro. Non se trata só da pobreza e as condicións de desigualdade en que viven as mulleres. Trátase dunha violencia estrutural que se ensaña especialmente coas mulleres, un odio e unhas violacións constantes aos seus dereitos.

As estatísticas indican que a violencia contra as nenas comeza moi pronto, cando son aínda moi pequenas, e continúa ao longo da súa vida. As nenas e adolescentes son o grupo de idade máis afectado pola violencia sexual. De acordo con UNWomen, entre 2015 e 2016, as vítimas de arredor do 74% dos casos de violencia sexual tiñan menos de 19 anos, e esta é a principal causa de embarazo infantil e adolescente.

Sete de cada dez mulleres no Salvador foron vítimas dalgún tipo de violencia ao longo da súa vida, e moitas delas de máis dun tipo. Os feminicidios son a expresión extrema da violencia que padecen as mulleres, e a taxa de feminicidios no Salvador é cinco veces maior ca a media mundial. Á hora de

denunciar os casos de violencia, desaparición ou asasinatos, encáranse moitos obstáculos para que as súas testemuñas sexan recoñecidas, o proceso sexa transparente e eficiente e os casos non queden impunes. Diante disto, é difícil ter confianza nun sistema que semella que non imparte xustiza.

O ABORTO NO SALVADOR

O Salvador ten unha das lexislacións máis restritivas do mundo a respecto do aborto. Está penalizado en todos os casos, mesmo se acontece por causas naturais ou é accidental. Isto significa que se unha muller embarazada ten un aborto espontáneo, no Salvador é detida e enxuzada do mesmo xeito que se cometese un asasinato.

Isto non sempre foi así. Ata o ano 1998 O Salvador tiña unha lexislación semellante á española dese momento. Pero nese ano 1998 a Asemblea Lexislativa do país eliminou os artigos en que se contemplaba o 'aborto non punible', isto é, as causas en que estaba permitido interromper o embarazo: que a vida da muller estivese en perigo por razóns relacionadas co embarazo, que o feto presentase malformacións graves, e cando o embarazo fose produto dunha violación.

A lexislación actual é unha vulneración grave dos dereitos humanos das mulleres no tocante á súa saúde sexual e reprodutiva. Pero ademais, a norma afecta de maneira particular ás mulleres máis vulnerables, ás nenas e ás adolescentes, aquelas que son criminalizadas e perseguidas, ou que son obrigadas a ser nais cando aínda son unhas nenas despois de ser vítimas de violación e abuso sexual.

Esta lei provocou que moitas mulleres salvadoreñas, todas elas con poucos recursos, acabasen no cárcere despois de ter algunha complicación **obstétrica** que lles provocou un aborto.

Isto é o que lles aconteceu a un grupo de mulleres coñecidas como Las 17. Dezasete mulleres que tiñan en común dúas cousas: todas elas vivían en situación de pobreza e todas tiveron problemas obstétricos nalgún momento do seu embarazo ou parto. Chegaron ao hospital en busca de asistencia sanitaria e alí foron denunciadas, detidas e levadas




a prisión, acusadas de **homicidio agravado**. A todas elas se lles negou a presunción de inocencia e unha defensa efectiva e, polo tanto, non tiveron o apoio legal que precisaban para ser escoitadas e defenderse.

Esta realidade das mulleres que forman ese grupo das 17 vívena moitas outras mulleres no Salvador. Entre 1998 e 2019, 181 mulleres foron denunciadas e procesadas por aborto ou por emerxencias obstétricas que provocaron morte ou risco de morte aos fetos.

A problemática coa penalización total do aborto non pode ser separada da violencia sexual: ambas son expresións da violencia contra as mulleres, a negación da súa autonomía e o exercicio libre da súa sexualidade e da toma de decisións sobre si mesmas e os seus corpos. As organizacións feministas salvadoreñas levan décadas loitando pola despenalización do aborto, para garantir que ningunha muller sexa encarcerada por abortar e para que todas vexan garantidos os seus dereitos sexuais e reprodutivos, independentemente da súa idade, condición, lugar de residencia, etnia ou nivel socioeconómico.

Para pescudar e reflexionar

- Como parte dun proxecto de colaboración entre organizacións salvadoreñas e galegas, realizouse o documental "En deuda con todas", no que se relata a loita pola despenalización do aborto e a experiencia de mulleres que estiveron ou aínda están na prisión condenadas por abortar.
- En base ao que narra o documental, poderías explicar o que son os dereitos sexuais e reprodutivos?
- Procura información sobre eles e como se protexen e garanten no teu país.



Neste longo camiño de sensibilización que levan andado, Bea reconece que atoparon persoas moi duras, traballadores en institucións públicas que pese a ter moitos coñecementos técnicos resistíanse a cambiar ou repensar as súas prácticas ou os seus protocolos de atención. E porén, polo camiño foron reflexionando e cambiando. E iso dálles folgos para seguir co seu traballo: cada persoa que se compromete e actúa doutro xeito, en calquera ámbito, é un paso cara a adiante na atención de mulleres que padecen violencia e na erradicación da propia violencia.

Cada vez que un xuíz, ao ditar sentenza nun caso de violencia sexual contra unha nena ou adolescente, lembra que o deber do Estado é protexer a infancia, é un paso adiante. Cada vez que un policía aprende que debe atender as mulleres vítimas de violencia como tal, independentemente do seu contexto ou situación económica, é un paso adiante. Cada vez que o persoal dun hospital activa o protocolo de atención a vítimas de violencia sexual, é un paso adiante. Demostran que todo o traballo que se leva feito ten sentido e ten futuro.



OS GRANDES RETOS QUE AFRONTA ACTUALMENTE O PAÍS A RESPECTO DOS DEREITOS DAS MULLERES

1

A despenalización do aborto, que se deixe de perseguir e criminalizar as mulleres.

2

Continuar mellorando na atención ás vítimas de violencia, aplicar as normativas que xa existen e eliminar aquelas que quedaron obsoletas.

3

A prevención da violencia en todos os ámbitos da sociedade, non só nas institucións, senón na poboación en xeral, comezando polos nenos, nenas e adolescentes.

4

Garantir unha vida libre de violencia, isto é, que as mulleres poidan vivir seguras. Se cadra este é un reto inmenso, posto que implica superar todas as enormes desigualdades que atravesan a vida das persoas que viven no Salvador.



Bea ve con grande esperanza as novas xeracións. Cada vez máis, nas manifestacións vense mulleres novas que se identifican como feministas e activistas, que se alían coas organizacións de longa traxectoria para esixir e loitar polos dereitos de todas. Rapazas e mulleres novas que comezan a colocar sobre a mesa os temas que máis lles preocupan: a violencia, o medio ambiente, a protección da terra e da auga, e que entenden a loita como **interseccional**. Cando Bea repara en como medra o movemento feminista e como hai persoas que transforman o seu discurso e o seu comportamento, entón ve que hai unha luz que alumea, que a esperanza é necesaria e ten sentido.

E por suposto que se viven momentos de anoxo e frustración, porque os cambios sociais nunca van tan rápidos como quixeríamos! E entón, Bea salienta a importancia dos autocoidados, de non deixar que a dor, o anoxo ou a frustración se coen na vida e a traspasen. Coidarse é importante, coidarse a unha mesma e coidar das demais. Cando ela sente que está desbordada e precisa desconectar, adoita saír pasear co seu can, Horus. Ás veces, nada máis que camiñar entre a natureza e deixar que a cabeza deixe de dar voltas sobre o mesmo axuda a alixeirar a carga emocional e a tensión.

Eses momentos de desconexión axudan tamén a dimensionar o traballo propio e colectivo. A lembrar que pasiño a pasiño a realidade vai cambiando. Que o traballo non é en balde, porque cada persoa que se transforma é unha semente que abrolla, unha luz que alumea a quen está ao seu redor.

*Coidámonos a través das redes, recoñecendo que somos máis, que non
estamos soas, nunca estamos soas na loita. Saber que se algo me sucede a min
as outras compañeiras van actuar, igual que eu o faría polas demais
se algo lles acontecese.*



GLOSARIO



Amnistía proceso polo que o Estado perdoa de xeito excepcional un tipo de delito, ou todas as persoas presas condenadas por ese tipo de delito, xeralmente político.

Cerro elevación do terreo, habitualmente illada e de menos altura ca unha montaña ou un monte.

Departamento unidade de división territorial ou administrativa. O Salvador está dividido en 14 departamentos e cada departamento está dividido en municipios.

Feminicidio asasinato dunha muller polo feito de selo; é a manifestación máis extrema da violencia dunha sociedade machista e patriarcal.

Homicidio agravado causar a morte a unha persoa considerada especialmente vulnerable, sexa pola súa idade ou condición. Habitualmente os homicidios agravados están penados con máis severidade polos códigos penais de cada país.

Impunidade sistema no que quen comete delitos queda sen castigo, e polo tanto as vítimas dos delitos non acadan xustiza, resarcimento nin reparación.

Interseccional cruzamento de categorías que están interrelacionadas entre si. Isto quere dicir que á hora de abordar unha problemática social, a interseccionalidade procura todas as variables que a atravesan, como o xénero, a etnia, a clase, a orientación sexual ou a relixión, entre outras.

Mara nome usado nos países de Centroamérica para definir os grupos organizados de persoas, habitualmente novas, que realizan actividades violentas e delitivas e que proveñen de contextos de pobreza, desigualdade social e violencia estrutural.

Obstétrico, obstétrica referente á obstetricia, isto é, a rama da medicina que estuda e atende todo o relacionado coa xestación, o parto e o puerperio (ou posparto).

ONU (Organización das Nacións Unidas) organización internacional creada en 1945, e conformada por 193 estados membros. A ONU alberga unha serie de fondos, programas e axencias especializadas, tales como UNICEF, UNESCO, OMS ou o Banco Mundial, entre moitas outras.

Pobreza extrema considérase que unha persoa está en situación de pobreza extrema cando non dispón de recursos para cubrir as necesidades básicas de alimentación. É dicir, se unha persoa adica todos os recursos que ten a comprar alimentos, e aínda así non pode obter os nutrientes básicos para unha vida sa, entón atópase en pobreza extrema.

Remesa diñeiro que os e as emigrantes envían ás súas familias ou comunidades de orixe, e que en moitas ocasións supoñen unha das bases da subsistencia das persoas receptoras e da economía do seu país.

Reunificación familiar reunificación ou reagrupación familiar é un proceso polo que as persoas dunha familia que se atopan vivindo en países diferentes volven a xuntarse.

RECURSOS





La Colectiva Feminista

>>

Las 17

>>

Documental En deuda con todas

>>

AGARESO

>>

Coordinadora Galega de ONGD

>>

Iniciativa Mesoamericana de Defensoras de Derechos Humanos

>>

Entrevista a Bea (Verónica Salazar)

>>

Os datos citados ao longo do libro foron extraídos das estatísticas e informes dos seguintes organismos, e consultados entre agosto e setembro de 2021:

- *Comisión Económica para América Latina y el Caribe (CEPAL), Comisión Interamericana de Derechos Humanos, Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), UNWomen, Human Rights Watch, Fondo de Poboación das Nacións Unidas (UNFPA), Banco Mundial, UNICEF, Procuraduría para la Defensa de los Derechos Humanos de El Salvador, Colectiva Feminista, Agrupación Ciudadana por la Despenalización del Aborto en El Salvador, Las 17.*



BEA

Á PROCURA DA LUZ

Bea (Verónica Salazar) é activista feminista e defensora de Dereitos Humanos no Salvador. Cando era nova, e en pleno conflito armado, uniuse á guerrilla motivada polas situacións de inxustiza que observaba ao seu redor. Logo da guerra comezou a traballar na recollida de información en casos de asasinatos machistas e hoxe, 30 anos despois, forma parte de dúas organizacións feministas que traballan na protección dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres e as nenas e na defensa da cultura da paz.

Defensoras de Dereitos é unha colección impulsada pola Coordinadora Galega de ONGD e a Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social xunto á Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de Derechos Humanos. Cada libro recolle a historia de vida e acción política dunha defensora de dereitos de Mesoamérica. Xuntos, forman un mosaico de relatos persoais e colectivos pola dignidade e a vida.

IDADE RECOMENDADA: a partir de 15 anos